

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº113/ Ano: 2025 / 1º xornal Mes de setembro/ Estado de Outono

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



No Salgadoiro de Suxestións falan do deseño da camiseta de Cesáreo. Páx. 1



Aquelas tardes no chiringuito. Páx. 1



A luz do Faro de Ons. Páxs. 2 -11



Campo de Voluntariado para Ons. Páx. 4

Foto: Xunta de Galicia



Continuación das rodeiras Curro-Pereiró. Páx. 4



Aunienses e amigos, na Festa da Lanzada. Páx. 3

Páx. 3




O biólogo Jacobo Fernández Casal, homenaxeado en Nova Ardentía. Agora metido a pintor. Páx. 5

Diversión e ocio nun Parque Nacional. Páx. 7



O lume en Galicia. Historia do lume en Ons (I). Páx. 6



Un viquingo en Ons. Páx. 7



Concurso de tortilla de patacas na Illa. Páx. 8



Festa do Pescador e peche de tempada no Pirata. Páxs. 9 - 10

Breves:

-Melide de Ons,.... Marabilla ao mundo. Páx. 5

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

"A camiseta da Festa de San Xaquín no 1997"

No número anterior de Onstopus na páx. 4, saía o Gran Maqui coa camiseta que, algúns privilexiados, lucimos nas festas de San Xaquín do ano 1997.

A persoa que fixo o deseño, tan pronto veu a foto, enviounos unha emotiva carta de recordo daqueles tempos: "*Grazas, unha vez máis, amigo Tinón, por este novo número de Onstopus. Este ano fomos en agosto e, coma sempre, preguntamos por ti. Xa nos dixeran que viñeras en xullo, que xa andaras a facer illa antes ca nós. Ons ten ese algo que nunca se deixa medir, dálle a un moito máis do que un pode pedirlle. Solpores que parecen sacados dun cine, a caña na de Checho vendo zarpar o último barco e quedando o pobo en calma, coma se alguén baixase o volume do mundo. E logo cear na de Manolito coa ría diante... non sei se hai maior luxo.*

Lín con calma este número que nos regala e atopeime con Maqui coa camiseta daquela festa de San Xaquín na que tanto rimos. Aquel deseño fixérao eu, leveino á illa coma quen leva un segredo. Algún pensaba que eran de balde, e ata houbo quen colleu unha sen pensalo moito. As risas que botamos, os días que daquela parecían calquera cousa menos comúns.

Eu aínda gardo unha desas camisetas como ouro en pano, non pola tea nin polas letras, senón porque nela queda pegado un anaco de tempo feliz, desa clase de tempo que non quere volver pero que tampouco se marcha del todo. Alégrome de ter vivido momentos así, maravillosos, con xente coma ti e con outros que, por desgraza, xa non están. Porque, ao final, todo queda aí, na illa, nas camisetas gastadas que seguimos gardando coma quen garda a memoria.

Querido amigo, non teño nada máis que dicir, o dis ti todo, aqueles tempos foron únicos e vivímolos a tope, como sempre o fixemos en Ons.



E, como estamos de **RECORDOS** daqueles felices tempos que pasábamos nesta engaiolante Illa, imos a poñer unhas fotos inesquecibles da primeira etapa do **Chiringo de Area dos Cans** no seu novo emprazamento enriba da praia.

O Gran Waru Camawey xunto con Mino, aproveitando unhas táboas que sobrarian, fixeron un grupo de instrumentos. Uns cabos soltos facían de cordas e a min puxéronme ao cargo da caixa de son. Todo un espectáculo, facendo un Playback insuperable, cunha música suave, con máis dun cento de espectadores.

Un lugar insuperable que a administración, incomprensiblemente, fixo desaparecer.

Para nós, un lugar ideal para descanso.



Á dereita **Tinón**, coa súa Caixa de son, para evitar que a música non alterara a paz do entorno.

Á esquerda arriba, **Waru** afinando cos músicos os instrumentos.

Á esquerda abaixo, o trío formado polo **Gran Mayán** ao saxo, o **Gran Pepe de Vigo** co baixo e de cantante o **Gran Tore**.

Todo un espectáculo que fixo vibrar de emoción ao público asistente.

Non todo é investigar, tamén hai ratos de ocio que, con sentidiño, non molestaban a ninguén, ao contrario.



ONS NA MEMORIA “*Así se prendía a luz do Faro de Ons*”

Un dos fareiros que polos principios dos anos 90 s. XX estaba ao cargo do Faro. Eses, torreiros, polos que agora pedimos unha **Homenaxe** para o próximo ano 2026 con motivo dos 100 anos transcorridos dende a último remodelación.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Julio Santos Pena, mestre en Ons a principios da década de 1970, tan pronto leu a idea da homenaxe, envioume esta nota: “Ola. Apúntome á homenaxe que se faga aos fareiros. Coñecín a varios pero, especialmente, a Don José Soto, un home fantástico, fixo nas quincenas alternativas e integrado totalmente na Illa sendo para min un apoio moi importante no tempo que alí estiven.


Tamén coñecín a Alcalá e a Don Manuel Ramírez que viña de Extremadura cando lle tocaba, e a outros dos que non me lembro os seus nomes pero a súa presenza foi esporádica.

E por suposto ao gran “fareiro” de segunda liña, Ramiro, que era un cacho do mesmo faro. Avisarásme, por favor.

Claro que si, Julio, non perdas coidado, ti es parte da Historia desta Illa e así o demostraches co teu incansable traballo a prol da comunidade auniense, da que deixaches testemuña tanto na revista **AUNIOS** como no teu magnífico libro: “*Ons no meu corazón*”.

Esperemos que tanto a Autoridade Portuaria de Marín como a Asociación Veciñal fagan esa merecida Homenaxe.

Algunhas fotos da Festa de Ons que quedaron sen saír no anterior Onstopus.



VISITA AUNIENSE Á FESTA DA LANZADA 2025

Como vén sendo costume dende hai xa moitos anos, un grupo de veciños de Ons e amigos, trasládanse ata Noalla para asistir á Romaría da Lanzada.

Despois dun tente en pé nunha das carpas a base de polbo á feira (por certo carísimo), vén a tradicional volta pola ermida, saúdos aos parentes de Noalla e a compra de rosquillas, sandías, chourizos, cachucha,..., para logo facer as visitas, case obrigadas, ás tabernas desta parroquia, irmá de Ons, como é Noalla.



Chegada dos Cesáreos, bisavó e bisneto, ao torreiro da festa, acompañados, nada menos, que da banda de música.



Saboreando unhas tapas de polbo a feira nunha das carpas da festa, ideal para coller forzas, xa que iamos a ter unha mañá moi longa.



Deseguido dirixímonos á casa de Manolo Cabada, fronte á ermida, que nos agasallou cuns magníficos viños Albariño e Ríoxa, refrescos e unha exquisita fabada acompañada dunha non menos saborosa ensaladilla. Un bo amigo e gran anfitrión

Seguidamente fomos ao barrio de Arra para saudar a Fernando, dono do Restaurante Zulema para cumprir a tradición anual, onde sempre somos convidados polo dono. Aproveitamos para escoitar uns cantos de taberna co que nos deleitaron algúns dos membros do grupo “Portonovo Canta”.



Para dar remate á xornada festiva, fomos a xantar ao Restaurante “**A Nova Ponte**”, onde comemos uns saborosos calamares, callos e un cordeiro ao forno delicioso. (Boa cociña a deste restaurante, que recomendamos) E xa o tempo non daba para máis, pois había que coller o barco de regreso a Ons das 17,30. Un ano máis cumpriuse coa tradición.

Na foto da esquerda, a “autoridade” poñendo orde á hora do pago da conta. Hahaaaaaa

Na foto de abaixo, os aunienses e amigos coa Illa de Ons ao fondo.



CAMPO DE VOLUNTARIADO EN ONS

Aínda que o título dea a entender que en Ons houbo un Campo de Voluntariado (antes chamado Campo de Trballo), non se dean a engano, en Ons non o houbo, pero en Cíes si.

En Cíes leva funcionando dende sempre, só co cambio de nome, e sen embargo a Xunta de Galicia, **Xuventude**, discrimina a Ons sen el, tendo as mesmas necesidades, ou quizais máis, ao ser unha illa habitada.

A finais de agosto líamos na prensa: “**Ciento veinte jóvenes de distintas partes de Europa y España se unen en julio y agosto para proteger playas, bosques y especies autóctonas en las Illas Cíes, participando en tareas de reforestación y concienciación ambiental**”.

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2025/08/21/voluntarios-paraíso-islas-cies-120796084.html>

Por que o Sr. Rueda, a súa Conselleira de M. Ambiente e a Directora Xeral de Xuventude discriminan a Ons? Cando eses Campos de Trballo, agora de Voluntariado, naceron a finais da década de 1970 igual nas dúas illas (Cíes e Ons) e realizaron un traballo ímprobo, polo menos en Ons.

Ese magnífico traballo que desenvolven agora en Cíes, é moi necesario tamén en Ons, sobre todo o de Reforestación e Concienciación Ambiental.

Asistir e participar nestes Campos, non sae gratis, os que acoden teñen que pagar, polo tanto, por que non en Ons, onde hai unhas boas instalacións creadas no seu día para Campamentos e Campos de Trballo?

A política ensínanos estas cousas, vemos a un Presidente da Xunta protestando polo favoritismo, que segundo di, Cataluña, recibe do Estado e, sen embargo aquí, onde gobernan, eles actúan da mesma maneira que critican. Así son os nosos políticos e, se isto o fan en temas que podemos considerar secundarios, que farán en temas máis transcendentais para todo o pobo galego.

Non, non pretendo facer política neste minixornal, nin meterme cos que gobernan, senón botar un **berro de indignación** contra uns políticos que discriminan a unha illa e favorecen a outra dentro do Parque Nacional das Illas Atlánticas, cando teñen as mesmas necesidades.

Dinme, que é debido ao medo que lle teñen ao alcalde de Vigo, Sr. Caballero; e pode ser, imaxinan que Ons tivera ese Campo de Voluntariado e Cíes non, non faltaría nin un segundo en que Caballero puxera o berro no ceo, falando de discriminación de **Xuventude** cara á súa cidade e as Cíes e, loxicamente, máis votos gañaría.

Seguiremos insistindo para o ano, a ver se tamén o Alcalde de Bueu, o seu Grupo de Goberno e a Oposición se decatan do que pasa na súa illa e, polo menos, fan unha mínima protesta formal.

Foto: Atlántico Diario. Campo de Voluntariado en Cíes no ano 2024



PROXECTOS, OBRAS, ARRANXOS,..., COMENTARIOS E SUXESTIÓNS (III) 1º setembro 2025

Continuación das Rodeiras Curro - Pereiro

Con estas fotos, nas que podemos comprobar o bo ritmo ao que vai a construción das novas rodeiras e o que sería conveniente facer, damos por finalizado esta temática neste número 113, o que non quita que, ao remate da obra, fagamos un balance de toda ela en xeral.

Novamente, temos que dar os nosos **PARABÉNS** ao Parque por esta necesaria obra, pois coidamos vai redundar en beneficio de todos, administración, veciños e visitantes e fará máis doada a circulación tanto de vehículos como de persoas.

O que si sería moi interesante é que, a medida que se fai a obra ou posteriormente, busquen o xeito de que tanto polo medio delas como nos seus extremos, creza a vexetación, herba, para que no verán a terra non se converta en polvo e así quede máis endurecida.

Podemos comprobar na foto de abaixo, como por tramos conseguíuse, aínda que, ao ser un camiño moi transitado, cara ao final do verán vai desaparecendo, pero o obxectivo estaría conseguido.

Ben, os técnicos saberán o que se pode facer.



JACOBO FERNÁNDEZ CASAL

De novo traemos a estas páxinas ao meco Jacobo Fernández. Anteriormente foi cando o nomearon <Biólogo do Ano> no mes de abril de 2024, e en xuño do mesmo ano, foi o biólogo premiado pola Sociedade Nacional de Acuicultura.

Jacobo é colaborador da revista **AUNIOS**. Pero desta vez, volvémoslo traer a estas páxinas por dous motivos:

Primeiro: Foi homenaxeado polo seu labor na Revista de Cultura Marítima “Nova Ardentía” no seu último número 17, de 2025, cunha entrevista que lle fan Rosa M. Fernández Otero e Antón Mascato (colaborador de AUNIOS) do Grupo Etnográfico Mascato.

Segundo: Pola súa dedicación á pintura, polo menos dende a súa xubilación, e que pronto realizará a súa primeira Exposición en: Hotel boutique “Vilavella”, O Grove. Estará exposta durante toda a Festa do Marisco.


PARABÉNS para este excelente profesional e esperamos que acade moitos éxitos na súa nova angueira cultural.



Na foto da esquerda: Jacobo Fernández, no círculo, o día da presentación do nº 17 de Nova Ardentía na Sala Besada de O Grove.

Na foto da dereita: Jacobo conversa, no seu taller de pintura, con Anxo López Vergara (Socio de Pineiróns, Articulista e Correcor Lingüístico da revista cultural AUNIOS).

Na foto de abaixo: Tres dos cadros de Jacobo Fernández



A PRAIA DE MELIDE (ONS) ENTRE AS 10 QUE MARABILLAN AO MUNDO

Así o liamos na Voz de Galicia do 6 de setembro de 2025. Comenta Noelia Silvano, autora do artigo: ***“Estos arenales han sido destacados por medios internacionales y su fama ha traspasado fronteras hasta el punto de ser reconocidas como algunas de las mejores del mundo”***.

Entre as 10 seleccionadas está a praia de **Rodas** nas Illas Cíes e a de **Melide** na Illa de Ons. Resalta que National Geographic reparou na súa beleza e, entre outras marabillas, destaca: ***“... su arena dorada y sus aguas culminan un pasisaje impresionante que la coronan como la joya de la isla”***

Outro punto da súa importancia é: ***“... su ambiente tranquilo, además de por su tradición nudista”***.

Moi importante é que se valoren as praias de Ons por parte de xornais e organismos internacionais, porque os nosos, déixana un pouco de lado.

Pero o interesante é que se valoren as peculiaridades desta Illa dende o punto de vista cultural: histórico, etnográfico, natural,..., e non só turístico. Penso que **Ons** xa ten o seu tirón de visitantes e coido que o número imposto polo PRUX é suficiente para poder manter en boas condicións o seu medio, agora só fai falla **fomentala e impulsala CULTURALMENTE**.



A VAGA DE INCENDIOS EN GALICIA

Este pasado mes de agosto vivimos en Galicia a peor vaga de incendios que sufriu o nosa comunidade, ou parte dela, en moitas décadas. Como sempre pasa, despois da destrución escoitamos, por boca dos nosos políticos, unha chea de declaracións de intencións, onde xorden frases como: *Imos axudar aos damnificados. Repararemos os danos causados,... Comezaremos un plan de prevención en vistas a anos vindeiros,...*, pero só quedan en boas palabras, pois xa sexa ao ano seguinte ou uns anos despois, volverán a xurdir os incendios, cada vez máis violentos, e volveremos a oír as mesmas palabras.

Nesta ocasión, non só se queimou o monte, paraxes naturais, monumentos patrimonio da humanidade,..., senón, agravando máis a cousa: animais salvaxes e domésticos, casas e pobos enteiros, deixando a moitas familias sen fogar e, o xa imperdoable, a perda de vidas humanas.

Volven a aparecer frases épicas, como: *Hai que defender ao pobo, non aos castiñeiros. Isto é culpa do despoboamento. Houbo unha pésima xestión do monte. Os incendios apáganse no inverno. A Galicia baleirada, ...*

Pero, de novo, todo é no intre da desesperación. Nesas circunstancias as persoas acéndense, pero por desgraza, logo se apagan. Os políticos sábeno e ao instante prometen, utilizando ese famoso dito:

***Prometer antes de esquecer,
despois de esquecido,
nada do prometido.***

Por desgraza, así é o conto. Para o ano máis do mesmo.



Casas queimándose en Carballada de Valdeorras.
Foto: <https://www.pressdigital.es/>

Historia do lume en Ons. Prevención (I)

Ons tivo, na década de 1980, unha triste historia de incendios. Vou intentar explicar moi por enriba e en varias entregas, a miña testemuña desa vaga de lume que afectou a Ons durante case unha década na época estival.

Quero comezar cunha anécdota, se se lle pode chamar así, que vivín nun curso de ornitoloxía que, dirixida, creo recordar, por Estanislao F. de la Cigoña, deron na Caixa de Aforros de Pontevedra a mediados da década de 1980, cando eses lumes azoutaban a Illa de punta a chicote.

Nun día, dos cinco que durou o curso, veu dar unha charla un técnico da Delegación de Agricultura de Pontevedra. Nun intre da súa disertación, dixo algo así como: *“Os veciños de Ons foron dende sempre, pirómanos.*

Eu quedei abraiado ao escoitar esas palabras que se pronunciaron ante unha boa cantidade de público que, loxicamente, vindo dun técnico, deron como certas, e máis, cando sobre Ons ningún especialista investigara a fondo sobre as súas peculiaridades. Cando estaba a piques de rematar ese día o curso, erguín a man e, ao darme a palabra, preguntei a ese “técnico” se habería a posibilidade de que, con datos e documentos, certificara o que dixo sobre os veciños de Ons e, se podía ser, nalgún dos días que quedaban e coa documentación na man, podería certificar esas palabras. Tamén me comprometí a levar a pouca documentación que eu tiña, para demostrar o contrario.

Non volveu a aparecer, e iso que eu llo recordaba diariamente, ao coordinador do curso.

Que podemos sacar desa acción? Pois que, como hoxe lle chaman, era un **bullo** contra os veciños, querendo tapar con iso a incompetencia para poder solucionar o tema do lume en Ons neses anos.

Eu, si levei a miña pouca documentación coa que, a grandes trazos, podería demostrar que antes de 1980 os incendios que puido haber en Ons foron exiguos e, case seguro, por algún descoido.

1º.-A comunidade auniense, dende a súa última poboación tivo, como base económica, a agricultura.

2.- A Illa estivo totalmente parcelada (ata o monte), e esas parcelas, tiñan dono e usufrutuarios.

3º.- Aínda cando a economía cambiou cara á pesca, seguiron traballando as terras, e non había un anaco delas que non estivera como zona de cultivo, pasto ou monte proveitable e necesario.

4º.- Non hai datos de incendios antes de 1980, agás pequenos lumes que eran apagados deseguida, participando todos os aunienses. A todos, íalles en contra dos seus interese agrícolas e polo tanto económicos.

5º.- Comprobeino, cando no 1975, xorde un pequeno incendio na zona de Caño, provocado por uns campistas que estaban cociñando. Eu atopábame ceando en Canexol, na casa de Francisco do Cro. Cando chegaron avisando do lume, non dubidou ningún veciño dos que alí presentes en ir, a fume de carozo, a extinguir o fogo. Entre os mariñeiros do Cro, había varios que vivían nese barrio, e perigaban as súas fincas, aínda nelas con millo, patacas,...

6º.- Para non facer máis longa a lista que demostraría que o lume era prexudicial para os veciños e as súas terras, polo que a piromanía sería impensable e, ademais, rapidamente sancionada polas persoas aunienses que ao longo do tempo fixeron de Cabazalero e despois Alcalde Pedáneo, comentarei no seguinte número de Onstopus (na segunda parte da Historia do lume en Ons) as palabras que Santiago Castroviejo Bolívar pronunciou nunha xuntanza en Pontevedra, á que fun invitado, dirixida polo arquitecto, xa falecido, Fernando Martínez Sarandeses, co fin de buscar alternativas á grave problemática de Ons. ...

Seguirá no próximo número





Dende hai máis de 20 anos, un grupo de amigos de Vigo, xunto coas súas guitarras, visita na época estival a Illa de Ons. Para uns coñecidos como “Os Popis” ou “Poperos”, para outros como “**No hay manera**”, achéganse ata Ons para degustar a súa rica gastronomía e de paso nos deleitan cun, poderíamos chamarlle, “Pop Auniense” de cancións da década de 1980 que todos coñecemos ou, polo menos, cantaruxamos. **Parabéns** para estes mozos.



Roberto Vilar, alma mater do programa da TVG “Land Rober” montou, con outro socio, un restaurante flotante na praia de Silgar, en Sanxenxo, a bordo da goleta <Sanbaia>. Pois ben, isto poderíamos velo como unha excentricidade máis deste humorista e pasaría a ser unha aventura daqueles que teñen cartos e buscan xeitos de inversión.

Preguntarán os meus lectores, a que vén a conto o traelo aquí? Xa falara del cando quixo contratar a Cesáreo para o seu programa, pero facerlle propaganda gratuítala a el e a Sanxenxo, como que non!

O detalle vén por esta nova aparecida na Voz a finais de xullo, onde a periodista Nieves D. Amil, fala do menú que se serve a bordo: “...**Arranca el servicio con una empanada de zamburiñas que levanta las primeras miradas de los comensales. Y la primera pregunta: «Quen a fai?».** Llega cada día desde Ons. **Casa Checho es la encargada de este plato de podio. No quedan ni las migas**” Chamoume moito a atención que a empanada chegue, todos os días, dende Ons, de aí o motivo de traer a noticia. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/alsol/2025/07/29/roberto-vilar-velero-lujo-menu-boda-bordo/0003_202507G29P31992.htm



Pepdemirolaf, saboreando o seu primeiro Gin-tonic.

CONTOS DE TABERNA. *Visita viquinga a Ons*

Neste mes de setembro, nun día desapracible, e sen que ninguén o vira chegar, abarloou ao peirao de Ons un pequeno drakkar viquingo cun só tripulante. Non sabemos se pediu permiso a Parques para atracar, pero aí estaba.

O patrón, e único navegante, baixou e dirixiuse cara a Curro. Ao escoitar os berros dos que estaban a xogar a partida, debeu pensar, estes son dos meus, e alí entrou.

Os aunienses, pola súa fasquía, quedaron abraizados ao velo. Sentouse e esperou que alguén o servira.

O noso querido Plumix, que deixara por un intre o seu traballo no Campo de Golf-os, e vendo o aspecto do nauta que chegara, aproximouse e comezou unha conversa con el.

Pronto colleron boa harmonía, as fasquías son moi parecidas, e xa ao terceiro GinTonic, o nauta explicoulle quen era.

Resultou chamarche <**Pepdemirolaf**> é era descendente, nada menos, que de Olaf Haraldsson que saqueou Galicia e reinou en

Noruega. Segundo parece, e así lle contou a Plumix, os seus antepasados estiveran por Galicia alá polos séculos IX ata o XII, e había unha lenda no seu país que dicía, que nas illas das costas, preto da entrada a Santiago, esconderan un mundo de tesouros, froito das súas razzias. El pensou que eran contos e lendas da súa patria, pero, cando un veciño do país paralelo ao seu, Suecia, chegou cunha revista, de nome AUNIOS, onde contaban que nunha illa galega das rías Baixas, coñecida como Ons, apareceran pequenos tesouros, non o dubidou, e embarcouse cara esas latitudes na procura do legado dos seus devanceiros.

Segundo parece, Plumix, facilitoulle o teléfono do responsable do Parque, e naquel mesmo intre contactou con el. Como o responsable, pode prometer e promete (despois se cumpre é outro cantar), comprometeuse a acudir ao día seguinte a Ons para estar con el e facilitarlle todo o apoio loxístico necesario para buscar o seu legado por todas as furnas de Ons, onde cantan as lendas da súa terra, quedaran agochados aqueles tesouros. **Atopará o que veu buscar? ... Patrimonio terá a última palabra.**



*Momento no que se presentaron as tortillas na mesa.
Había moita expectación*

Aínda que non sabemos se había algún criterio de avaliación, supoño que si, o xurado, composto polo Garda Forestal Julio, pola ATS Laura e polo auniense de adopción Maquí, non o tivo nada doado para sacar adiante o seu veredicto, había máis de 12 tortillas presentadas e a cada cal mellor, unha enorme responsabilidade o outorgar a puntuación para sacar adiante as premiadas.

Despois de moitas voltas e probas, algún membro do xurado gañou algún quilo de máis, e de debater moito, por fin, houbo *fumata branca*.

Os gañadores foron:

1º.- Rosiña e Emilio

2º.- Mon e Bibi

3º.- María e Martiño

Nas fotos da dereita, dous momentos da competición, onde os membros do xurado probaban e escribían as súas notas.

Abaixo, foto de familia.

Xa falabamos dela o ano pasado en Onstopus: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/93/onstopus-93.pdf> cando, organizado polo grupo de artesáns que traballan e venden en Ons, instauraron un concurso de tortillas que resultou moi interesante pola calidade deste produto.

(Animamos a entrar no enlace do pasado ano para coñecer a importancia da tortilla de patacas dentro da cultura e etnografía auniense).

Desta vez houbo unha participación máis ampla e tamén se puxeron diante dos fogóns veciños aunienses, o que fixo que a competición-festín collera unha maior importancia e competitividade interesante.

A tortilla de pataca así como os ovos mesturados con pan de millo, foron pratos estrela en todas as casas aunienses.



E como estamos de celebracións, aquí estaban este grupo de aunienses, os de adopción e Albertito Magdalena, que se colou na foto de grupo, celebrando o aniversario de Pepucho: Dende a esquerda: Cesáreo, Varu Camawei, Albertito, Tabo, Carrillo, de pé Maquí, **PEPUCHO** e Manoliño.



REUNIÓN FESTIVA DO PESCADOR EN ONS



Coa participación dos gaiteiros comezou a mañá do sábado 13 a Reunión Festiva, actuando polos bares e animando a todos a cantar, bailar e pasar un momento agradable.



Esta **REUNIÓN FESTIVO-GASTRONÓMICO** leva celebrándose en Ons dende hai máis de 35 anos.

Comezou organizándoa o Bar Lonxa de Portonovo. Escolleron a Illa de Ons porque nese bar, reuníanse os mariñeiros, entre eles os de Ons, antes e despois da poxa do peixe, para cear e tomar algo, existindo unha enorme camaradería.

Comentan que nos comezos, as propinas do verán gardábanse para esa celebración, ao que se lle engadía, outra boa cantidade que poñían os propietarios dos bares para celebralo ao grande.

Nunca houbo ningún tipo de problema, nin por parte dos xestores da Illa nin polos comensais, que deixaban todo máis limpo de como o atopaban.

Á papadela sempre estiveron invitados os veciños, os responsables da Illa e un bo número de amigos. No faltaban os gaiteiros que amenizaban a xornada.



Dende hai 5 anos, despois do falecemento do responsable do Bar Lonxa (Vilas), colleu o relevo Alex, responsable do Restaurante O PESCADOR de Portonovo, continuando co mesmo xeito que antes. Alex corre con todos os gastos e persoal, amigos, veciños,..., participamos deste Gran Día Festivo, onde todos, sabendo que estamos nun Parque Nacional, participamos sendo conscientes diso e responsabilizándonos de que todo quede máis limpo de como estaba.

Esperamos seguir celebrando esta Festa do Pescador na Illa durante moitos anos máis, reunión que, como xa temos explicado, para nada incide na boa marcha do Parque Nacional.

MOITAS GRAZAS ALEX



DESPEDIDA DE TEMPADA DO RESTAURANTE “O PIRATA”

Como todos os anos, o restaurante “O Pirata” de Ons, a mediados de setembro, pecha tempada e o celebra cunha audición musical no interior do seu local.

Este ano, como vén sendo habitual, participou o cantautor **Raúl** á guitarra acompañado de frauta.

E, ao igual que o pasado ano, participou o grupo musical de animación “@deviño” de O Grove, que infundiron moito ánimo aos clientes e amigos de Manolito e Trini.



@deviño, mesmo ao chegar, fixeron unha parada en Curro para deleitar aos turistas que marchaban cun grupo das súas cancións.



Raúl nun momento da súa actuación cantando a Sabina.

E os de @deviño que entregaron a Manolito unha camisa de agasallo.

Animada e responsable concorrencia á despedida do Restaurante O Pirata



E xa, cando marchábamnos, pasamos rentes a uns cargueiros que estaban fondeados preto de Ons. Un deles parece que chamado <Peak Bordeaux>, portada tres “mísiles”. O que non sabemos é para que país irían.

FARO de ONS

Seguimos á espera do teu
RENACER CULTURAL